CONCELLO DE VIGO
XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SECRETARÍA

MANUEL XOSÉ LORENZO PENELA, SECRETARIO ACCIDENTAL DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

CERTIFICO: Que o Consello de Xerencia da Municipal de Urbanismo do Excmo.Concello de Vigo, en sesión ordinaria do día 26 de agosto de 2011 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

5. ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DO CONTRATO DO SERVIZO DE LIMPEZA DO EDIFICIO SEDE DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO. EXPTE. 3839/407.

Antecedentes:

Con data do 17.08.2011 a técnica de Tesourería e Xestión de Ingresos, co conforme da interventora accidental e da concelleira delegada de Urbanismo, Cascos Históricos e Grandes Proxectos, informa:

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión de data 11 de xuño de 2009, acordou "incoar a contratación do servizo de limpeza do edificio sede da Xerencia Municipal de Urbanismo".

O mesmo órgano o 1 de outubro de 2009 adoptou o seguinte acordo:

1º) Autorizar a contratación polo procedemento aberto con pluralidade de criterios de adxudicación do servizo de limpeza do edificio do Organismo Autónomo "Xerencia Municipal de Urbanismo".

2º) Autorizar o gasto por importe total de 189.502,32 euros, con cargo á partida 4320.2270001 do Orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo.

3º) Aproba o prego de prescripcións técnicas e de cláusulas administrativas particulares que rexerán a devandita contratación."

Despois da publicación desta licitación nos diarios oficiais (DOUE, BOE, DOG e BOP) e da presentación de ofertas, o día 19 de xaneiro de 2010 a Mesa de Contratación deste Organismo Autónomo procedeu a apertura dos sobres "A" que contiñan a documentación administrativa.

A Mesa de Contratación admitiú as sete ofertas presentadas por reunir os requisitos e aportar a documentación requirida nos pregos desta contración, considerando que todas as empresas que concorrían a esta licitación posuían capacidade de obrar e acreditaban solvencia económica e técnica suficiente para prestar o servizo obxecto de contrato.

As entidades ofertantes eran as seguintes:

1. SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S.L. (SAMYL).
2. LIMPIEZAS DEL NOROESTE, S.A. (LINORSA).
3. LIMPIEZAS CIES, S.L.
4. SERALIA, S.A.
5. EULEN, S.A.
6. LEI, S.L.
7. SOCIEDAD PARA EL TRATAMIENTO DE AGUAS RESIDUALES, S.L. (STAR).

O 22 de xullo de 2011, reúnese de novo a Mesa de Contratación para estudiar o informe de avaliación das ofertas realizado polos Servizos Centrais da Xerencia Municipal de Urbanismo.

Dado o tempo transcorrido dende a presentación de proposicións (novembro de 2009) e ante a posibilidade de que as empresas ofertantes retirasen a súa proposta, decidiuse solicitar as diferentes empresas ofertantes que se pronunciasen sobre si mantiñan as ofertas presentadas.

Notificadas telemáticamente o propio día 22/07/2011, as contestacións son as seguintes:

1) SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S.L. (SAMYL): mantén a oferta.

2) LIMPIEZAS DEL NOROESTE, S.A. (LINORSA): mantén a oferta.

3) LIMPIEZAS CIES, S.L.: mantén a oferta.

4) SERALIA, S.A.: non mantén a oferta.

5) EULEN, S.A.: non mantén a oferta.

6) LEI, S.L.: mantén a oferta.

7) SOCIEDAD PARA EL TRATAMIENTO DE AGUAS RESIDUALES, S.L. (STAR): non mantén a oferta.

En consecuencia, manteñen a oferta catro das sete empresas ofertantes, todas elas coa salvedade da actualización do IVE, que pasou do 16 ó 18%. Como no resto das contratacións administrativas este incremento o ten que asumir este Concello de Vigo, o cal xa está previsto no vixente Orzamento.

En informe emitido por esta xefatura dos Servizos Centrais o 3 de agosto de 2011 e respecto á legalidade de continuar con este procedemento de contratación, se pon de manifesto que o artigo 145.2 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público establece que "*cando para a adxudicación do contrato deban terse en conta unha pluralidade de criterios, o prazo máximo para efectuar a adxudicación será de dous meses a contar desde a apertura das proposicións, agás que se tivera establecido outro no prego de cláusulas administrativas particulares*"; engadindo o apartado 4º do mesmo artigo que "*de non producirse a adxudicación dentro dos prazos sinalados, os licitadores terán dereito a retirar su proposición*".

A vista deste informe a Mesa de Contratación, en sesión do día 4 de agosto de 2011 e por unanimidade, apreciando que se mantén o interés público, decide continuar coa contratación, procedendo á continuación a dar a coñecer o resultado da avaliación técnica e á apertura das ofertas económicas, co seguinte resultado:

Nº	OFERTANTES:	punt.téc.	Ofertas sin IVE:	Ofertas con IVE:
1	SAMYL, SL	14,75	38.900,00	45.902,00
2	LINORSA	19,50	38.655,48	45.613,47
3	LIMPIEZA CIES, SL	13,90	40.000,00	47.200,00
4	SERALIA, SA	12,86	Rexeitada	rexeitada

5	EULEN, SA	5,90	38.760,00	45.736,80
6	LEI, SL	21,00	Rexeitada	rexeitada
7	Sociedad tratamiento aguas residuales, SL (STAR)	13,70	38.896,21	45.897,52

As ofertas presentadas por "SERALIA, SA" e "LEI, SL" son inadmitidas, en aplicación do artigo 84 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da LCAP, por exceder do presuposto base de licitación (47.375,58 euros/ano IVE incluido ó 16%) e por erro manifesto no importe da proposición (o modelo da oferta, así o contemplan os propios ofertantes citados, especifica de forma clara "prezo anual"). Asemade, de entender que o prezo ofertado é a suma de varias anualidades conlevaría a interpretar si o prezo ofertado se refire á duración inicial do contrato (4 anos) ou á duración do contrato coas máximas prórrogas posibles (6 anos). Tamén especifica o artigo 32 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación que "as proposicións que se presenten superando o prezo anual do contrato serán automáticamente rexeitadas".

En nova sesión da Mesa de Contratación, o mesmo día 4 de agosto de 2011, outorga a seguinte puntuación correspondente polas ofertas económicas presentadas e puntuacións totais:

Nº	OFERTANTES:	punt.téc.	ofertas s/IVE	ofertas c/IVE	punt.ec.	TOTAL
1	SAMYL, SL	14,75	38.900,00	45.902,00	35,52	50,27
2	LINORSA	19,50	38.655,48	45.613,47	40,00	59,50
3	LIMPIEZA CIES, SL	13,90	40.000,00	47.200,00	15,39	29,29
4	SERALIA, SA	12,86	rexeitada	rexeitada	0,00	12,86
5	EULEN, SA	5,90	38.760,00	45.736,80	38,09	43,99
6	LEI, SL	21,00	rexeitada	rexeitada	0,00	21,00
7	Sociedad trat. aguas residuales, SL (STAR)	13,70	38.896,21	45.897,52	35,59	49,29

De conformidade coas valoracións realizadas de acordo co artigo 14º do prego de cláusulas administrativas particulares, a Mesa de Contratación propón ó órgano de contratación competente a adxudicación provisional do contrato do servizo de limpeza do edificio da Xerencia Municipal de Urbanismo á entidade "LIMPIEZAS DEL NOROESTE, S.A." (LINORSA).

O órgano competente para a adxudicación deste contrato é o Consello da Xerencia de acordo co preceptuado pola normativa vixente de réxime local, en especial o artigo 10.2.h) dos vixentes Estatutos deste Organismo Autónomo (BOP de 6 de outubro de 2011).

Para a realización do presente gasto, por importe total de 182.453,88 euros (prezo do contrato para os 4 anos previstos nas condicións aprobadas no seu día para a licitación deste servizo). Achégase documentos contables "AD" nº 201100001688 e "AFUT" nº 201100001691.

En consecuencia co antedito...."

A seguir os asinantes formulan a proposta que se contén na parte dispositiva do presente acordo.

Votación:

EN CONTRA: Ningún voto.

ABSTENCIÓNS: Ningunha

A FAVOR: 8 votos: 1 do BNG: Sra. Veloso Ríos e 4 do PSG-PSOE: Sres. Caballero Álvarez , López Font, Silva Rego e Regades Fernández ; 3 votos do PP: Sras Egerique Mosquera, Iglesias Bueno e Larriba Leira.

Acordo:

O Consello, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

"Adxudicar provisionalmente o contrato do servizo de limpeza do edificio sede da Xerencia Municipal de Urbanismo, por importe anual de 45.613,47 euros/ano e por un prazo de catro anos".

E para que conste, para os efectos oportunos, expido a presente de orde e co visto e prace da concelleira-delegada da Área de Urbanismo, Cascos históricos e Grandes Proxectos, coa salvedade indicada no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (RD.2568/1986), en Vigo, o vinteseis de agosto de dous mil once.
Me/

Vº e Pᵉ.

A CONCELLEIRA DELEGADA DA ÁREA DE URBANISMO,
CASCOS HISTÓRICOS E GRANDES PROXECTOS,

Mª del Carmen Silva Rego

XERENCIA DE URBANISMO